

## CURSO 2023/2024- EDUCACIÓN INFANTIL

Estimadas familias:

O equipo de Educación Infantil dá a benvinda a un novo curso escolar. A continuación presentamos os mestres e mestras que compoñen o ciclo da Educación Infantil.

O profesorado relativo á Educación Infantil será o seguinte:

- ❖ 3 anos A: María del Carmen Busto Bouzas
- ❖ 3 anos B: Mercedes Blanco Gerpe
- ❖ 4 anos A: Melisa Rial Nieto
- ❖ 4 anos B: Celia Viña Molinos
- ❖ 5 anos A: Victoria Tuñas Tomé
- ❖ 5 anos B: Aurora Baña Fuentes
  - Apoio 1 : María del Carmen Mourelle Castro
  - Apoio 2: Sandra Fraga Leis.

### Especialistas:

- Inglés: Sonia
- Psicomotricidade: Noela
- Música: Olaia
- Relixión: pendente de adxudicación

### Horario:

Publicado na Web do centro. [Clic aquí para acceder.](#) Que nestes intres está pendente de actualización

## Normas xerais para o curso 2023/2024

### 1. Vestimenta:

- a. Roupa cómoda, que lle sexa fácil vestirse e espirse (evitar cintos, tirantes, petos...).
- b. O calzado a poder ser con velcros, facilitándolles así a súa propia autonomía.
- c. Recomendamos coserlle unha cinta xeitosa duns 10 cm aos abrigos para que lles sexa máis fácil de colgar.
- d. Os mandilóns con botóns, preferiblemente grandes, para que poida agarralos mellor (Importante ler as pautas finais de uso obrigado, relativo aos mandilóns).
- e. Toda a roupa ten que vir identificada co nome do neno/a e coa clase a que pertencen.

**Non poden vir con cueiros** e procurade que vaian o baño antes de saír dacasa, posto que o profesorado non cambiará ao alumnado.

### 2. Merendas:

- a. Froita (excepto o Kiwi), preferiblemente toda ela pelada e cortada en anacos.
- b. Lácteos e/ou iogur de beber que NON conteñan OVO nin KIWI.

### 3. Aniversarios:

O equipo de infantil decidiu celebrar os aniversarios sen ningún tipo de comida, polo tanto non se traerá nada dende as vivendas.

## 4. Horario:

Rógase PUNTUALIDADE tanto na hora de entrada como na de saída.

*Se as faltas de puntualidade non están xustificadas, o alumnado ten que esperar acompañado da familia ata que toque o timbre da seguinte sesión.*

*1 falta de asistencia corresponde a 1 sesión de clase, no día hai 5 sesións. Se 1 alumn@ falta un día, vai a ter 5 faltas.*

*Tamén establecemos diferencias entre as faltas de asistencia e as faltas de puntualidade, e contan tanto unhas coma as outras.*

**Importante:** Cando unha nena ou neno chega tarde por un motivo xustifico hai que cubrir **O PARTE** en conserxería, e o conserxe é quen se encarga de levalo á súa clase, o mesmo se se recolle a un neno ou nena por unha causa xustificada.

Por regra xeral, cumprírase estrictamente o horario do centro. Se por algún motivo, o conserxe non está, habería cubrir o parte que atoparedes en conserxería e subir á secretaría para que acompañen ao alumnado a clase. Non se mandará ningún/ningunha neno/a só para a aula.

## 5. Entradas e saídas

**Importante:** **Avisar** con antelación se vén alguén que non sexa a persoa habitual a recollelos, ou se hai algún problema particular para recoller aos nenos/as. Nestecaso, só se poden autorizar 3 persoas:

- Nai ( ou titora legal)
- Pai (ou titor legal)
- Outro/a

## 6. Transporte:

Neste curso continuamos coa [organización por rutas](#).

## 7. Titorías:

As titorías concertaranse preferiblemente a través da aplicación abalar móbil, se non é posible podedes chamar ao centro (881-86-69- 18). Unha vez concertadas, será a titora quen se poña en contacto coas familias.

**Importante:** todas as familias deben ter instalado a [aplicación abalar móbil](#).

## 8. Listado de material:

Colgarase na páxina web o listado de materiais elaborado polas titoras. É moi **importante** que a bolsa veña cerrada co nome e curso do neno/a e se entregue en conserxería.

O días para chegar o material son:

3 anos: luns 18 de setembro.

4 anos: venres 15 de setembro.

5 anos: xoves 14 de setembro.

### **MEDIDAS IMPORTANTES NESTE CURSO ESCOLAR E DE OBRIGADOCUMPRIMENTO:**

- a. Se o neno/a está enfermo/a, non o mandedes.
- b. No centro non se administran medicamentos, salvo casos de alerta escolar.
- c. Atender ás distintas información que serán comunicadas a través de AbalarMóbil
- d. Se hai algún tipo de alerxia, enfermidade ou algunha casuística que debamos saber debedes informar ao titor/a e á dirección do centro xa agora ao comezo.**
- e. Os teléfonos e direccións deben estar actualizados, ante calquera cambio prérgase comunicalo.

**f. Os mandilóns deberán traer:**

- Os nenos/as que non usen o transporte (casa) : unha etiqueta amarelacosida no mandilón co nome do neno/a, o grupo ao que pertence (3 anos A, 3 anos B...) , e que poña casa. Todo en letras de cor negra.
- Os nenos/as que fagan uso do transporte: unha etiqueta branca cosida co nome do neno/a, o curso e o número de ruta. As letras en cor negra.(Pódense consultar as rutas a través da páxina web do centro)
- Os nenos/as que vaian a tardes deben engadir a palabra TARDES no mandilón.
- Os mandilóns irán todos os días para a casa. Os nenos/as deben traelos postos xa dende a casa e sairán do colexio con el.

g. Todas as prendas deberán vir identificadas co nome do neno/a e o curso. As prendas perdidas serán desbotadas se non se reclaman nun prazo de 24 horas.

h. As viseiras traeranse e levaranse todos os días ( se non hai sol non fai falta que a mandedes).

i. Mochilas pequenas co nome no exterior e curso ben visible.

j. As botellas de auga teñen que traer o nome e curso do neno/a.

k. Moi importante ser puntuais.

**Un saúdo dende o Equipo de Infantil**